


MURYN, Teresa & NOVAKOVA, Iva (coord.) (2017) : *De la phraséologie aux genres textuels : état des recherches et perspectives méthodologiques. Synergies Pologne*, número 14. Kraków : GERFLINT. ISSN : 1774-7988 / ISSN de l'édition en ligne : 2261-3455.<sup>1</sup>



## 1. Presentación do libro

O número 14 da revista *Synergies Pologne*, que forma parte da colección de revistas *Revue Synergies*, foi publicado en 2017 e foi posto en liña o 28 de abril do 2018. A presente recensión trata sobre este número titulado *De la phraséologie aux genres textuels : état des recherches et perspectives méthodologiques*. Esta entrega reúne unha serie de artigos que tratan os problemas relacionados coa fraseoloxía e o estudo dos xéneros textuais.

O número pon a énfase nas estruturas lingüísticas prefabricadas frecuentemente designadas con termos como *secuencias fixas*, *colocacións*, *segmentos repetidos* ou *rutinas discursivas*, e no seu papel na identificación dos xéneros textuais. Este número, coordinado por un binomio internacional de investigadoras de

renome, Teresa Muryn e Iva Novakova, agrupa catorce contribucións que analizan os vínculos entre a fraseoloxía e a tipoloxía textual. A obra comeza cun prefacio, asinado polas coordinadoras, que presenta os obxectivos metodolóxicos e teóricos subxacentes ao enfoque do volume. Este prefacio ofrece unha perspectiva global do número, que considera o texto como unha construción de secuencias prefabricadas como resultado de operacións retórico-léxico-sintácticas.

Esta entrega examina a maneira na cal os segmentos prefabricados estruturan os textos e permiten a súa clasificación nos distintos xéneros específicos (científico, xornalístico, literario, publicitario...) partindo da premisa de que estas estruturas contribúen, entre outros, á caracterización dun xénero ou dun subxénero textual particular. As contribucións organizanse arredor de varios eixes complementarios, que combinan perspectivas teóricas e empíricas variadas. Xorden catro enfoques principais:

- **O enfoque corpus-driven:** este termo, tomado do inglés e de difícil tradución (malia que a expresión *guiado por corpus* podería constituír un equivalente), designa unha metodoloxía baseada na observación das fontes textuais antes de formular calquera hipótese teórica. Este enfoque apóiase na análise de corpus coa axuda de métodos léxico-estáticos, que permiten identificar motivos textuais específicos e comprender mellor os xéneros textuais a través do estudo amplo da fraseoloxía.

<sup>1</sup> Tradución do francés de Uxía Fraga Guillán (Universidade de Vigo).

- **O enfoque baseado na tipoloxía dos xéneros:** esta perspectiva ocúpase de xéneros textuais concretos (tales como as novelas de fantasía, as novelas policiais ou os textos científicos) para identificar as unidades fraseolóxicas que son propias de cada un analizando as súas propiedades sintácticas e semánticas.
- **O enfoque pragmático e sintáctico:** este orientación explora o papel das estruturas fraseolóxicas en distintos tipos de discursos, poñendo de manifesto a súa función e o seu impacto comunicativo.
- **O enfoque modelizante:** algúns traballos procuran elaborar un modelo de análise das colocacións, combinando os niveis semántico, sintáctico e discursivo, co obxectivo de proporcionar unha descrición máis precisa das relacións fraseolóxicas.

## 2. Contido do número

Este número está composto por artigos dun equipo internacional, marcado por unha forte representación polaca e que agrupa especialistas de renome no campo. Entre eles figuran: Francis Grossmann; Iva Novakova e Julie Sorba (cunha contribución conxunta); Olivier Kraif; Teresa Muryn e Małgorzata Niziołek (cunha contribución conxunta); Alicja Hajok; Katarzyna Gabrysiak; Małgorzata Niziołek; Lidia Miladi; Anna Krzyżanowska; Yauheniya Yakubovich; Frédérique Brin-Henry e Marie-Laurence Knittel (cunha contribución conxunta); Safa Zouaidi e Joanna Jereczek-Lipińska. Os perfís científicos de cada autoría están presentes ao final do volume.

O estudo de Francis Grossmann baséase nas pasaxes onde se presentan relacións interpersoais nas novelas de Georges Simenon e Patrick Modiano, destacando a súa natureza prefabricada e o seu papel na dinámica narrativa. Aínda que estas presentacións se fundamentan en fórmulas convencionais, participan activamente na construción do rito social na mímese novelística. A análise presenta os motivos recorrentes, tanto dende o punto de vista léxico-sintáctico como do literario, especialmente o da falsa identidade, e explora a súa función na economía narrativa das obras analizadas.

A contribución de Iva Novakova e Julie Sorba céntrase na análise das lexías *meurtre*, *crime* e *assassinat* (homicidio voluntario, crime e asasinato) nun corpus de novelas policiais contemporáneas en francés, a través de métodos derivados da lingüística instrumental. As autoras exploran a noción emerxente de motivo identificando secuencias fraseolóxicas construídas arredor destes termos. O estudo destaca as súas similitudes ao mesmo tempo que revela as súas particularidades sintácticas, semánticas e discursivas, e achegan deste modo uns resultados inéditos sobre as súas diferenzas de uso.

O artigo de Oliver Kraif propón un estudo textométrico comparativo entre as novelas policiais en francés e os seus equivalentes traducidos do inglés. O autor sostén que as traducións poden ser empregadas para analizar os subxéneros literarios, a diferenza da tradición da lingüística de corpus, que as considera polo xeral pouco fiables. Ao examinar as distorsións presupostas nos textos traducidos, demostra que a lingua traducida non

presenta especificacións suficientemente marcadas para ser considerada como un terceiro código que se teña que excluír dos estudos dos subxéneros literarios.

O estudo de Teresa Muryn e Małgorzata Niziołek explora a función dos xéneros presentes nas novelas policiais apoiándose en dous intertextos principais: o interrogatorio, procedente do discurso policial, e a crónica de sucesos, pertencente ao discurso xornalístico. Estas dúas formas considéranse marcadores xenéricos que estruturan o relato policial. Esta análise baséase nun corpus de novelas policiais de autores francófonos e estranxeiros.

Alicja Hajok analiza as características lingüísticas dos contos infantís apoiándose na fraseoloxía ampliada. O obxectivo é identificar as estruturas léxico-sintácticas recorrentes, especialmente as comparativas. O estudo ancorado nas investigacións do grupo DiSem, destaca a importancia das repeticións lexicais e da fixación discursiva na cohesión do texto. A autora subliña que certas estruturas, tales como as comparacións ou as intensificacións, son típicas dos contos e contribúen á súa organización textual. Por último, cuestiona a xerarquía ente os distintos tipos de estruturas polipredicativas.

O seguinte artigo interésase polas estruturas léxico-sintácticas empregadas para expresar a finalidade nos textos científicos. Baseándose na metodoloxía do grupo de investigación DiSem, Katarzyna Gabrysiak identifica esas estruturas e analiza a súa distribución nas diferentes partes dun texto científico (introdución, desenvolvemento e conclusión). O seu obxectivo é contribuír á elaboración dunha matriz léxico-sintáctica propia deste tipo de texto. O estudo pon de relevo a diversidade de medios lingüísticos utilizados para expresar finalidade, destacando o seu carácter estruturador na cohesión do discurso científico.

O estudo de Małgorzata Niziołek analiza como se expresa o medo na literatura fantástica francesa do século XIX e de principios do XX. Esta investigación enmárcase nun proxecto que ten como obxectivo establecer un perfil fraseolóxico do xénero que se centre no medo, o exceso e a incerteza. Combinando os enfoques dedutivos (*corpus-based*, 'baseados en corpus') e indutivos (*corpus-driven*, 'guiados polo corpus'), a análise revela estruturas léxico-sintácticas recorrentes que serven de marcadores estilísticos e facilitan a identificación do xénero. Os resultados mostran que a intensificación do medo, que segue un crescendo emocional, constitúe unha característica esencial do fantástico. A representación do descoñecido, a fonte do terror, materialízase a través de procedementos lingüísticos típicos que estruturan a narración.

Lidia Miladi analiza os medios lingüísticos utilizados para pór de relevo o contido dos slogans publicitarios en francés. Identifica moitos procedementos, tales como a segmentación, a utilización do pronome indefinido *on*, os deícticos, os adverbios intensificadores e focalizadores, así como os marcadores de totalidade como *tout(e) e tous*. A análise, baseada nun cento de slogans, fundaméntase na teoría do enfoque metainformativo para explicar como a topicalización e a focalización chaman a atención sobre certos elementos do discurso.

O traballo de Anna Krzyżanowska destaca a dimensión dinámica das secuencias fixas do discurso xornalístico, e mostra como o seu significado se reconstrúe en contexto. Lonxe

de seren expresións inamovibles, esas secuencias son manipuladas estratexicamente polo equipo de xornalistas para producir efectos estilísticos, humorísticos ou críticos. Esas modificacións, tales como a substitución ou a adición de palabras, favorecen a emerxencia de novos efectos semánticos derivados da combinación de significados denotativos, connotativos e contextuais. A análise salienta o papel creativo dos xornalistas, que aproveitan esas estruturas para captar a atención do lectorado e afirmar a súa posición discursiva.

O artigo de Yauheniya Yakubovich presenta as conclusións da súa investigación doutoral sobre a desfixación dos frasesmas na poesía en seis linguas (francés, catalán, castelán, bielorruso, ruso e polaco). Despois dunha introdución ás nocións teóricas, o estudo analiza as regularidades lingüísticas e estilísticas da desfixación observadas nun corpus multilingüe. A autora sinala que, ben que a desfixación era antes algo excepcional en poetas como Rabelais ou Shakespeare, agora converteuse nunha tendencia destacada nos poetas modernos. O obxectivo do estudo é recoller e sistematizar esas transformacións para comprender mellor o seu papel estilístico e lingüístico na poesía contemporánea.

A contribución de Frédérique Brin-Henry e Marie-Laurence Knittel analiza o uso do nome *difficulté(s)* ('dificultad(es)') nos escritos formais profesionais e científicos no ámbito da logopedia. O estudo examina en particular os verbos que introducen este termo, distinguindo os verbos soporte (como *avoir*) e os relacionados coa análise, coa causa ou coa evolución do problemas de linguaxe. Os resultados mostran que eses verbos reflicten a percepción dos logopedas das dificultades encontradas polos pacientes. O artigo propón ademais pistas para perfeccionar a análise, especialmente por unha comparación coa lingua xeral e outros corpus científicos.

O estudo de Safa Zouaidi propón un modelo funcional integrador para analizar os verbos de afecto en francés e árabe, comparando dous verbos de emoción (*énerver* e *ʔayḏaba*) e dous verbos de sentimento (*admirer* e *ʔaʔzaba*). A análise céntrase nas súas dimensións semánticas, sintácticas e discursivas e estuda especialmente as súas colocacións e os seus comportamentos en diferentes construcións (activa, pasiva, pronominal). O estudo, baseado no corpus EmoBase (francés) e ArabiCorpus (árabe), pon de manifesto as similitudes e especificidades das dúas linguas, o que contribúe de forma innovadora á análise do léxico afectivo.

O artigo de Joanna Jereczek-Lipińska analiza as quendas de preguntas nas sesións de *Questions au Gouvernement* en Francia e destaca a súa función estratéxica e polémica nos discursos parlamentarios. A través dun estudo discursivo e logométrico das sesións de 2016 e 2017, a autora mostra como as cuestións, malia que organizadas, convértense nun auténtico enfrontamento político. A oposición utilízase para poñer o goberno baixo presión, comentar as súas decisións e expor os seus defectos. Este exercicio, caracterizado polos enfrontamentos verbais e unha forte teatralidade, constitúe un control do poder e unha proba da resiliencia política dos cargos electos.

### 3. Conclusións da lectura

O volume amosa unha preparación coidada dos artigos, cunha calidade de redacción correcta, propia dun estilo científico rigoroso. Todos os artigos teñen coherencia coa temática global do volume. A fixación lingüística é un fenómeno complexo e multiaspectual que é necesario analizar tendo en consideración polo menos dous niveis de estudo: o lingüístico, ligado ao sistema, e o relativo ao aspecto textual e discursivo. As realizacións discursivas das unidades fraseolóxicas permiten observar moitos procedementos importantes para a fixación tales como por exemplo variacións, adaptacións, modificacións e desfixacións.

O volume no seu conxunto é consecuente e enche un baleiro importante no campo das investigacións sobre fraseoloxía. Aínda que os corpus potenciais sexan numerosos e os textos a estudar sexan abundantes, a pescuda de fraseoloxía nos textos segue a ser relativamente rara, o que confire a esta iniciativa unha pertinencia particular. Este número temático representa polo tanto unha excelente idea, achega novas perspectivas e enriquece considerablemente os coñecementos nesta área específica.

Paweł Golda

Uniwersytet Śląski w Katowicach (Polonia)

ORCID: 0000-0001-5505-7731

pawel.golda@us.edu.pl

Monika Sułkowska

Uniwersytet Śląski w Katowicach (Polonia)

ORCID: 0000-0001-9254-5443

monika.sulkowska@us.edu.pl<sup>2</sup>

---

<sup>2</sup> Esta recensión foi redactada e editada en conxunto por Paweł Golda e por Monika Sułkowska.